

Programación verán 2021 “Refréscate en Ames”

As actividades da programación de verán de 2021, baixo o lema “Refréscate en Ames” comezarán o venres 18 de xuño co festival SolporSon. No campo da festa de Biduído actuarán, dende as 21.30 horas actuarán os grupos SonDaRúa, Verto e o grupo local de Ames Triska, que ensaian na Factoría. Trátase dunha iniciativa posta en marcha dende a Concellaría de Mocidade. Os convites xa están agotados.

O mesmo día en Bertamiráns e o sábado 19 de xuño no Milladoiro, interpretarase, co galo das celebracións do Día do LGTBIQ, a obra “En outra piel” , do Teatro Foro Psiare. Ambas sesións, organizadas pola Concellaría de Benestar Social, celebraranse ás 20.00 horas. Xa se poden adquirir de balde os convites [na billeteira electrónica do Concello](#).

O sábado 19 de xuño haberá dúas celebracións. Por un lado, levará a cabo a II Festa do Apego. A través da Concellaría de Normalización Lingüística, as actividades desenvolveranse no Pazo da Peregrina. Haberá teatro infantil, contos, concertos, xogos e moitas actividades máis. Ademais, as librarías do concello ofrecerán un 10% de desconto en materiais infantís en galego durante toda a xornada. Para inscribirse cumprirá enviar un email ao enderezo normalizacion@concellodeames.gal indicando a actividade á que se quere asistir, nome e apelidos das persoas solicitantes, idade das crianzas e teléfono de contacto. Pode [descargarse un formulario para facilitar a inscrición](#).

Por outro, terá lugar o Festival de Fin de Curso de Amessán no Parque Ameneiral de Bertamiráns. Durante a xornada, o/as alumno/as mostrarán o aprendido nas clases de pandeireta, ximnasia , memoria e manualidades. O/as participantes recuperarán forzas nun xantar familiar campestre no que cada un poderá levar a súa comida ou reservar o xantar que se ofrece no recinto, por 2,5 euros. Ás 19.00 horas, pecharase o evento co concerto de Luís Rey. Ademais, haberá un servizo de autobús dispoñible para todas as parroquias.

Co motivo da celebración da Noite de San Xoán, organízase a Noite Meiga, cunha andaina e unha actuación, o mércores 23 de xuño.

O sábado 26 de xuño, a Aula da Natureza organiza unha saída ambiental a Sálvora, unha illa parada no tempo. Está dirixida a todos os públicos. O custo do barco é de 18 euros por persoa. Precísase inscrición previa. Sairase ás 09.00 horas e voltarase ás 18.00 horas.

Está prevista unha xornada con actos para celebrar o Día do LGTBIQ. Baixo os lemas “Enche Ames de cor” e “Ames en igualdade”, levaranse acabo unha serie de actividade no Milladoiro e en Bertamiráns, de 10.00 a 14.00 horas. Ademais, realizarase un acto institucional na Praza do Concello ás 18.00 horas.

40 rapaces e rapazas de Ames, de entre 12 e 30 anos, viaxarán ao Aquapark de Cerceda que o programa “Trouleando”, da concellaría de Mocidade, prepara para o 29 de xuño. En

menos de 24 horas dende que se anunciou a actividade nesta páxina web, as prazas xa estaban cubertas.

Na Praza de Manuel Murguía, ás 17.00 horas o mércores 30 de xuño, realizarase o acto de preselección do concurso de karaoke "Canta con Ames". Participarán 20 persoas, 5 por categoría. Pasarán á fase de semifinal a metade dos concursantes.

Xullo

O mes de xullo comeza cos Seráns de Tapia, que se realizarán todos os xoves ata o 26 de agosto. O xoves 1 inaugúrase o programa ás 19.30 horas o pregón inaugural con Manuel Otero Boquete. As 20.00 horas, realizarase un monólogo a man de Avelino González. A xornada pecharase ás 20.30 horas, cun concerto con Airiños do Paseo de Colón.

O venres 2, o Pazo da Peregrina de Bertamiráns acollerá, ás 22.00 horas, a 200 persoas para desfrutar os concertos de jazz. Actuarán Xan Campos co espectáculo "realismo" e David Regueiro Trío, con "Areal".

Na Praza da Maía, ás 17.00 horas o sábado 3, realizarase o acto de preselección do concurso de karaoke "Canta con Ames". Participarán 20 persoas, 5 por categoría. Pasarán á fase de semifinal a metade dos concursantes.

O xoves 8 de xullo volve a segunda sesión dos Seráns de Tapia. Ás 17.30 horas comezarase cun contacontos organizado polas bibliotecas municipais e ás 18.00 horas, outro narrado por Charo Pita. Ás 19.00 horas realizarase o espectáculo de "Lavadeiras" e, ás 20.00 haberá un monólogo con Soledad Felloza.

A Aula da Natureza volve a organizar unha saída ambiental. Nesta ocasión, a excursión é á Costa Ártabra o sábado 10 de xullo. Está dirixida a todos os públicos pero precísase inscrición previa. Sairase ás 09.00 horas e voltarase ás 18.00 horas.

O xoves 15, Tapia acollerá unha actuación musical de Píscore, ás 19.30 horas. A próxima sesión, o día 22, realizarase un concerto mocidade de Broken Peach.

Un ano máis, o Concello de Ames celebrará o Día de Galicia, 25 de xullo, no Pazo da Peregrina.

O programa Trouleando ten organizada unha actividade, de balde, para o mércores 28 de xullo, dirixida a mozos e mozas de entre 12 e 30 anos.

O concurso de karaoke "Canta con Ames" chega ás semifinais o mércores 28 de xullo. O evento terá lugar na Praza de Manuel Murguía ás 18.00 horas. En plena celebración da festividade da Madalena, cada cantante interpretará unha canción, ou segmento, en galego, castelán ou inglés. O tempo non poderá exceder de 2 minutos por participante. De esta fase sairán 8 seleccionados, dous por categoría que pasarán á fase final. As persoas que non pasen á final recibirán vales para gastar no comercio e na hostalaría local.

Xullo remata cunha xornada de inchables acuáticos e deportivos no Milladoiro, dende ás 17.00 horas, o venres 30.

Ese mesmo día, desde as 21.00 horas, celebrarase a décima edición do Millarock. Xa están dous grupos confirmados: Bala e Desequilibrio Mental. Terá lugar no aparcadoiro da Travesía do Porto do Milladoiro. Nos vindeiros días, publicarase o cartel específico.

Agosto

O último mes da programación “Refréscate en Ames” comeza o xoves 5 cos Seráns de Tapia.

O venres 6 celebrarase o concerto de Nova Galega de Danza, Leira. Trátase un espectáculo de danza con música en directo de Rosa Cedrón, Premio do público na MIT de Rivadavia en 2020. Terá lugar no Parque do Ameneiral ás 22.00 horas. O aforo é limitado a 500 persoas.

O sábado 7 organizarase un rastrexo do Concello no paseo fluvial de Bertamiráns, ás 10.30 horas. O mesmo día, ás 20.00 horas, celébrase a final do concurso de karaoke “Cantar con Ames”. Coincidirá coa celebración das festas da Peregrina. Os aspirantes interpretarán dous temas de diferente estilo musical. Todos os participantes da final levarán como premio un trofeo, unha cesta natural e un vídeo do seu paso polo concurso. Nesta fase final será onde os participantes poderán interpretar os temas enteiros, sempre que non superen os 4 minutos. Os gañadores daranse a coñecer o mesmo día da final.

A primeira sesión de Seráns de Tapia en agosto celebrarase o xoves 12. Dende as 17.00 horas os veciños e veciñas poderán asistir a recitais de poesía escénica no Tambre con Lúa Mosquetera, Pompa e Boato, Nuria Vil e Sheila Patricia.

A Foliada Apego volve a Tapia o xoves 19 de agosto.

A Aula da Natureza organiza unha acampada e un rastrexo nocturno do sábado 21 ao domingo 22 de agosto. Poderán participar os nenos e nenas de 8 a 14 anos.

Seráns de Tapia remata o xoves 26, dende ás 17.00 horas, con xogos tradicionais organizados por Xandobela e a actuación musical da Charanga Trópico de Grellos.

Para despedir o verán, levarase a cabo a Noite de Estrelas, no alto do San Marcos. Esta actividade, dirixida a todos os públicos, celebrarase o venres 27 de agosto, dende as 20.00 horas ata as 24.00 horas.

E ademais...

13 actuacións musicais compoñen o **programa “AmesON”** co que, a Concellaría de Promoción Económica xunto coa de Cultura, xuntan forzas este verán para dinamizar a

cultura e a economía en Ames durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro. Cómpre salientar que moitos e moitas das artistas que desfilarán polo AmesON son veciños e veciñas de Ames. Dará comezo o sábado 19 de xuño coa actuación de Sond de Caracas no Milladoiro, ás 20.00 horas. A programación espallárase polas prazas de Manuel Murguía e da Madalena, no Milladoiro, e no Parque do Ameneiral, en Bertamiráns. Como novidade, nesta edición haberá unha Festa Latina que homenaxeará a Cuba, o sábado 17 de xullo. O programa pecharase o 3 de setembro coa actuación da París de Noia e cos gañadores do concurso “Canta con Ames” como teloneiros. Todas as actuacións comezarán ás 20.00 horas. [Podése ver o cartel ca programación nesta ligazón.](#)

Coa volta do bo tempo, as clases de **ioga terapéutico** trasladaranse aos exteriores. Durante os meses de xuño, xullo, agosto e setembro, os luns e mércores no entorno da piscina municipal do Milladoiro e, os martes e xoves, nos xardíns do Pazo da Peregrina. Para anotarse débese enviar a ficha de inscrición ao correo electrónico promoción@ndasaude@concellodeames.gal ou chamando oa 649 450 264.

A través das Concellarías de Medio Ambiente e de Mocidade organízase, un ano máis, o **programa de campamentos** municipais para este verán, a través do cal se ofertan 379 prazas repartidas entre 10 campamentos diferentes con estadía nocturna, que se desenvolverán en diferentes datas entre o 28 de xuño e o 3 de setembro. Este ano, como novidade, inclúense novos destinos para ditos campamentos. Organizaranse, tamén, tres campamentos urbanos.